

Estimadas familias:

De cara á xornada de Folga Xeral convocada para o vindeiro 29 de setembro, desexo informaros que o noso colexio permanecerá aberto como calquera outro día, no seu horario habitual, cumprindo a nosa obriga de prestar o servizo educativo.

Sería a nosa vontade desenvolver as actividades lectivas e non lectivas con normalidade, pero no caso de que isto non fose posible polo exercicio do dereito á folga do persoal do centro, e polos servizos mínimos fixados pola administración galega (o director e un membro do persoal de administración e servizos por centro) os alumnos que acudan ao colexio serán atendidos nas mellores condicións posibles.

A incidencia previsible da folga no noso centro, segundo a información recibida dos traballadores, será nula ou escasa entre o profesorado, o que poñemos no seu coñecemento aos efectos de que poida decidir a asistencia ou non á clase do seu fillo/a.

Un cordial saúdo.

*N.B.: Recordámoslles que o vindeiro venres comezan as clases en xornada partida, e as actividades extraescolares deste día.*